

Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***DELEGACIÓN ESPECIAL NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE E ÁREA DE GOBERNO
DE PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA E IGUALDADE***ANUNCIO**

En data 25 de setembro de 2025 ditouse a seguinte Resolución da Alcaldía (Expte. 1134/1102):

“DECRETO DO ALCALDE

Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2023 e posterior modificación de data 28 de xuño de 2024 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027.

Por Resolución da Alcaldía de delegación de competencias específicas de data 28.06.2025 atribuíuse a Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade en materia de patrimonio histórico e, entre outras, a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana.

En base a ditas competencias a concellería de Área de Patrimonio histórico está desenvolvendo o proxecto de obras de execución de intervención urbana no marco do Programa Municipal de Medianieras. Dito proxecto recolle con carácter integral unha actuación urbana e artística no Barrio de O Rocio e concretamente, como unha das actuacións necesaria e primeiras contempla a adquisición da parcela baleira situada no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocio (ref. catastral 0644213NG2704S0001RB), co fin de proceder á súa adecuación ao uso previsto no planeamento urbanístico de espazo libre público.

Por razóns de eficacia administrativa e dado o interese xeral do proxecto de intervención urbana no marco do Programa Municipal de Medianieras que conleva a rexeneración urbana integral do barrio de O Rocio considérase convinte a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HBCV1FPL1CB2TRJ5



Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

PRIMEIRO.- Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade todas as atribucións precisas para a xestión, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias para a adquisición, ben de mutuo acordo ou a través do procedemento de expropiación forzosa da finca sita no nº 42 da rúa de Abaixo no barrio de O Rocío (ref. catastral núm. 0644213NG2704S0001RB).

SEGUNDO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

TERCEIRO.- Notificar a Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento”

SGF

Vigo na data de sinatura dixital

O ALCALDE-PRESIDENTE, ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

